ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU15002

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de eventos deportivos: aspectos legais, organizativos e económicos

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	40
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2015
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 30/01/2015 - 10:00h ao 09/02/2015 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Os eventos deportivos constitúen a faciana máis visible e coñecida da actividade física e deportiva, tanto profesional como amateur. Pódese afirmar que, dalgunha maneira, supoñen o obxectivo final perseguido por todo deportista, afeccionado ou seareiro.
A súa proliferación na nosa contorna é un feito evidente a tódolos niveis e cada vez son máis as institucións, tanto públicas como privadas, implicadas dalgún xeito na súa organización. Na última década asistimos a proliferación destes acontecementos que se estenden pola nosa xeografía e dos que son partícipes cada vez unha maior porcentaxe de poboación. Sen embargo son moitos, e cada vez máis complexos, os aspectos que deben ser contemplados antes, durante e despois da organización dun evento deportivo.
É por iso que, mediante este curso, preténdese achegar aos seus destinatarios ás principais cuestións referentes a todo o proceso de planificación, preparación e desenvolvemento dun evento deportivo, facendo especial fincapé nos aspectos económicos e lexislativos dende un punto de vista eminentemente práctico.

DESTINATARIOS

- Persoal de institucións, asociacións e instalacións deportivas, tanto públicas como privadas, con responsabilidade na organización de eventos deportivos.
- Persoal de empresas e asociacións organizadoras de eventos e actividades de animación que inclúan (ou teñan intención de incluír) actividades deportivas.
- Estudantes de posgrao e grao que desexen unha formación especializada en materia de economía e dereito deportivo.
- Deportistas (en activo ou non) que teñan como obxectivo o seu desempeño profesional no sector.

PROGRAMA

Neste curso trataranse os seguintes temas:
-Marco legal.
o Marco legal das administracións públicas.
o Normativa de aplicación: deportes, espectáculos públicos e outra normativa sectorial.
o Condicionamentos legais da organización.
o Responsabilidades legais.
-Planificación dos eventos deportivos
o Xénese e candidatura do evento.
o Planificación estratéxica.
o Planificación operativa e plan director.
o Control orzamentario e seguimento económico.
o Tesourería: Elaboración e presentación de balances.

-Loxística e seguridade.
 o Análise de riscos e subsistemas de seguridade.
 o Planificación: autoprotección, emerxencias, evacuación, continxencias.
 o Plan de seguridade integral.
 o Loxística, aloxamento e transportes.
 o Infraestruturas.
-Impacto dos eventos deportivos.
 o Definición de impacto.
 o Metodoloxías de análise.
 o Limitacións e dificultades.
-Cuestións transversais.
 o Comunicación e marketing.
 o Protocolo.
 o Novas tecnoloxías.
 o Legado do evento.
-Casos de éxito.
 o Eventos de carácter internacional.
 o Eventos nacionais-autonómicos.
 o Eventos de carácter local.
-Traballo autónomo do alumno/a.
 o Planificación de evento deportivo.
 o Plan de mellora aplicado.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente designada para este efecto cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos da EGAP.
Valoraranse os seguintes méritos:
- Experiencia profesional relacionada coa actividade deportiva.
- Cursos, xornadas... que teñan relación coa planificación, preparación e desenvolvemento de actividades deportivas, cunha duración igual ou superior a 8 horas.
- Coñecemento de idiomas galego e/ou comunitario, debidamente acreditados.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 26/02/2015 a 16/04/2015
NUM. PRAZAS: 40	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ RAMÓN LETE LASA

PATRICIO SANCHEZ FERNANDEZ

Angel Antonio Barajas Alonso

Jesyca Salgado Barandela

Marc Caballé van Mol

Eduardo Blanco Pereira

Ramón Francisco Ramón Santiago

Carlos Gómez Barge

DAVID FABEIRO AGRASO

Andres Mazaira Castro

JUAN RAMÓN VIDAL FERNÁNDEZ

JOSE FERREIRO FERNANDEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: Os días 05, 12, 19 e 26 de marzo de 16:00 a 20:00. Os días 02, 09 e 16 de abril de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 203 (antiga): O día 26 de febreiro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 204 (antiga): O día 26 de febreiro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA